

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Bases da convocatoria para a participación na programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña para o ano 2016

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NA PROGRAMACIÓN DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2016

1. LIÑAS XERAIS

1.1. Finalidade e obxecto

Co obxecto de contribuir á difusión e á promoción da música, do folclore, do teatro, da danza, do cine e das demais manifestacións artísticas na provincia, por medio do coñecemento das actividades que se están a producir neste ámbito e do seu achegamento aos nosos concellos, fomentando o uso da lingua galega e a defensa dos valores da igualdade de xénero, a Deputación da Coruña convoca os seguintes programas con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/22609:

Categoría non profesional	XXXIII Programa de música e teatro para grupos non profesionais
Categoría profesional	XXVIII Programa de teatro e monicreques para compañías profesionais
	XXIX Ciclo de música para intérpretes profesionais
	X Programa para compañías de danza profesionais e outras actividades escénicas
	I Programa de cine

1.2. Tramitación

A tramitación dos programas desta convocatoria será telemática. Este tipo de tramitación afectaralle ás fases de presentación de ofertas, solicitude das funcións e xustificación no caso de Concellos. Incluíranse en cada unha das fases as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e os envíos de documentación que fosen necesarios para tramitar os expedientes, agás na sinatura de convenios.

2. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

2.1. Categoría non profesional

Poderán participar tanto agrupacións coma persoas físicas con domicilio fiscal en calquera concello da provincia, que realicen algunha actividade artística das que se inclúen nas seguintes categorías:

a) Música: Bandas de música Bandas de gaitas Masas corais Música clásica e contemporánea Rondas ou orquestras Música tradicional Folk Rock Pop/Lixeira Indie Electrónica Jazz Blues Soul Funk Hip hop e músicas urbanas Músicas do mundo Metal Reggae, ska e mestizaxe Música infantil Charangas Solistas Outros	b) Danza: Danza tradicional galega Danza contemporánea Danza clásica Outros tipos de danza c) Teatro: Teatro Monicreques Maxia e ilusionismo Contacontos ou monólogos Outros d) Circo e acrobacias e) Outras actividades
--	--

2.2. Categoría profesional

Poderán participar intérpretes, compañías, grupos e persoas físicas que realicen algunha actividade artística, así como empresas dedicadas á proxección de cine, con domicilio fiscal en calquera concello da provincia:

<p>a) XXIX Ciclo de música para intérpretes profesionais</p> <p><i>Música clásica e contemporánea</i></p> <p><i>Jazz</i></p> <p><i>Folk</i></p> <p><i>Rock</i></p> <p><i>Blues</i></p> <p><i>Tecno</i></p> <p><i>Música tradicional</i></p> <p><i>Músicas do mundo</i></p> <p>c) XXVIII Programa de teatro e monicreques para compañías profesionais</p> <p><i>Teatro</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Infantil</i> - <i>Adulto</i> <p><i>Monicreques</i></p> <p><i>Maxia</i></p> <p><i>Monólogos ou contacontos</i></p> <p><i>Circo e acrobacias</i></p>	<p>b) X Programa para compañías de danza profesionais e outras actividades escénicas</p> <p><i>Danza clásica</i></p> <p><i>Danza contemporánea</i></p> <p><i>Danza tradicional galega</i></p> <p><i>Danzas do mundo</i></p> <p><i>Outros tipos de danza</i></p>
<p>d) I Programa de cine: as películas agruparanse nos seguintes xéneros</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Acción / Aventura</i> - <i>Ciencia ficción</i> - <i>Comedia</i> - <i>Debuxos animados / Animación</i> - <i>Documental</i> - <i>Drama</i> - <i>Fantasia</i> - <i>Histórico</i> - <i>Musical</i> - <i>Social</i> - <i>Suspense</i> - <i>Outros</i> 	

3. SOLICITUDE DE ESPECTÁCULOS

CONCELLOS: Poderán presentar solicitudes todos os concellos da provincia que desexaren acollerse a esta convocatoria.

ENTIDADES: Poderán presentar solicitudes dos grupos incluídos no XXXIII Programa de música e teatro para grupos non profesionais as entidades sen ánimo de lucro da provincia, xuridicamente constituídas, que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura.

4. CONDICIÓNES

Os espectáculos incluídos nestes programas realizaranse no ámbito territorial da provincia da Coruña durante todo o ano 2016.

Os/as participantes no XXXIII Programa de música e teatro para grupos non profesionais deberán realizar as actuacións fóra do termo municipal en que estean radicados.

Non poderán participar grupos infantís cuxos/as compoñentes sexan menores de 13 anos, agás as corais.

As compañías de teatro profesional no seu funcionamento cumprarán co disposto no **I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia** (aprobado por resolución do 18 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais) e as súas posteriores modificacións. A Deputación reserva a facultade de solicitarlles a estas compañías a información que considere necesaria para comprobar a súa aplicación.

Como norma xeral, os espectáculos serán públicos e gratuítos e non poderán ser utilizados en actos privados. Só no caso daqueles concellos que así o tiveren establecido, poderán cobrarse entradas, cos importes que correspondan. O importe recadado quedará a beneficio do Concello.

No programa de cine, as películas deberán ser de temática variada, de xeito que poidan adaptarse aos distintos tipos de público, polo que non se incluírán películas non recomendadas para menores de 18 anos.

As funcións que se poden solicitar, como máximo, son as seguintes:

PROGRAMA	Nº SOLICITUDES			
	Concellos máis de 15 000 hab.	Concellos entre 15 000 e 5001 hab.	Concellos menos de 5000 hab.	Entidades
XXXIII Programa de música e teatro para grupos non profesionais	6	4	3	1
XXVIII Programa de teatro e monicreques para compañías profesionais	4	3	2	--
XXIX Ciclo de música para intérpretes profesionais	4	3	2	--
X Programa para compañías de danza profesionais e outras actividades escénicas	4	3	2	--
I Programa de Cine	4	7	8	--

Os concellos ordenarán as súas solicitudes por orde de preferencia.

As entidades poderán solicitar só unha actuación do XXXIII Programa de música e teatro para grupos non profesionais.

4.1. Contratación das funcións

A Deputación atribúelles aos concellos participantes a contratación das funcións que se lles adjudicaren, que se realizarán de conformidade co R.D.L. 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

A Deputación contratará as actuacións de grupos non profesionais concedidas ás entidades, incluídas no XXXIII Programa de música e teatro para grupos non profesionais.

4.2. Importes dos espectáculos

Os importes terán os impostos incluídos, non poderán ser modificados e serán invariables durante a vixencia desta convocatoria.

Categoría non profesional

XXXIII Programa de música e teatro para grupos non profesionais

- Grupos de ata 5 membros:..... Máximo 310 €/actuación
- Grupos de entre 6 e 10 membros: Máximo 580 €/actuación
- Grupos de entre 11 e 15 membros: Máximo 850 €/actuación
- Grupos de entre 16 e 20 membros: Máximo 1.120 €/actuación
- Grupos de entre 21 e 25 membros: Máximo 1.390 €/actuación
- Grupos de entre 26 e 30 membros: Máximo 1.660 €/actuación
- Grupos de entre 31 e 35 membros: Máximo 1.930 €/actuación
- Grupos de máis de 35 membros:..... Máximo 2.200 €/actuación

Categoría profesional

Programas de música, teatro e monicreques e danza profesionais. O importe será fixado libremente polas compañías e intérpretes e constará, dunha banda, dunha cantidade en concepto de importe do espectáculo e, doutra, do importe do equipamento técnico necesario para a súa realización. O derradeiro non se aboará no caso de que sexa achegado polo Concello.

Programa de cine. O importe constará, dunha banda, dunha cantidade de 300 € en concepto de proxección da película e, doutro, do importe do equipamento técnico necesario para a correcta emisión da película (proxector, pantalla, equipo de son, cadeiras etc.). O derradeiro non se aboará no caso de que sexa achegado polo Concello.

4.3 Porcentaxes de pagamento

Concellos

- En concellos de menos 5.000 habitantes

Concellos:	25 % do importe do espectáculo
Deputación:	75 % do importe do espectáculo
- En concellos entre 5.001 e 15.000 habitantes:

Concellos:	50 % do importe do espectáculo
Deputación:	50 % do importe do espectáculo

- | | | |
|--|-------------|--------------------------------|
| – En concellos entre 15.001 e 50.000 habitantes: | Concello: | 60 % do importe do espectáculo |
| | Deputación: | 40 % do importe do espectáculo |
| – En concellos de máis 50.000 habitantes: | Concellos: | 70 % do importe do espectáculo |
| | Deputación: | 30 % do importe do espectáculo |

Entidades

No caso de que o solicitante sexa unha entidade sen ánimo de lucro, as porcentaxes de pagamento da actuación serán as seguintes:

- Entidade: 50 % do importe do espectáculo
Deputación: 50 % do importe do espectáculo

4.4. Obrigas dos grupos, intérpretes e empresas

a. Tendo en conta que a tramitación será telemática:

- A entidade deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán ao devandito enderezo. Excepcionalmente, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificarlle esta circunstancia á Deputación.
- Dispoñer dun certificado dixital:
 - a persoa que ocupe a Presidencia da entidade ou o/a administrador/a da empresa
 - a persoa que represente a entidade na Deputación (se é distinta á anterior)

b. Realizar as funcións nos lugares previstos.

c. Aboar os gastos de transporte e seguros do equipo de actuación e material, gastos de persoal, impostos e Seguridade Social.

d. Expedir facturas legais polas funcións realizadas e, se for o caso, a que corresponda do equipamento técnico necesario para a realización da función.

e. Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder facer a función (instrumentos, equipo de proxección, de son...), agás que o achegue o Concello.

f. Deixar o local no estado en que o atoparon.

g. As proxeccións do Programa de cine só poderán realizarse en DCP (Digital Cinema Package) ou Blu-ray. O proxector deberá contar como mínimo cunha resolución FULL HD (1920 x 1080) e cunha potencia de 10.000 lumens. A pantalla terá como mínimo 4x2,5 metros.

Para proxeccións en exterior, ademais, a empresa disporá de cadeiras para o público e equipo de son.

h. No Programa de cine, a empresa ten que contar coas autorizacións legais necesarias para exhibición pública das películas.

4.5. Obrigas dos concellos e das entidades solicitantes

a. Tendo en conta que a tramitación será telemática:

- A entidade deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán ao devandito enderezo. Excepcionalmente, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificarlle esta circunstancia á Deputación.
- Dispoñer dun certificado dixital:
 - a persoa que ocupe a Presidencia da entidade
 - a persoa que represente a entidade na Deputación (se é distinta á anterior)

b. Proporcionar locais axeitados para a realización das funcións, de forma gratuíta.

c. Organizar as funcións e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de vixilancia que se precise.

d. Poñer a disposición dos grupos o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material, condición non imprescindible no Programa de música e teatro para grupos non profesionais.

e. Realizar a publicidade das funcións.

f. Cubrir mediante póliza de seguro os riscos de accidentes, así coma os de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización das funcións.

- g. Expedir documentos acreditativos da realización das funcións realizadas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da función.
- h. No caso dos concellos, contratar as funcións que teñan adxudicadas.
- i. Aboarlles aos grupos a porcentaxe do importe que lles corresponda e realizar, no caso de entidades, o pagamento no prazo de dous meses desde que o grupo presente a factura.
A Deputación poderá requirir a presentación dos documentos que xustifiquen o citado pago.
- k. Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- l. Aboarlle os gastos correspondentes á Sociedade Xeral de Autores de España.
- m. Facer publicidade de que a función pertence á programación da Rede Cultural da Deputación. Esta poderá, se o considerar necesario, solicitar a xustificación da dita publicidade.

4.6. Obrigas da Deputación

- a. Aboar a publicidade que a Deputación decida realizar.
- b. No caso dos concellos, transferirlles o importe das funcións de acordo coas porcentaxes establecidas na base 3.3.
- c. No caso das entidades e, de conformidade co establecido no parágrafo segundo da base 3.1, transferirlles aos grupos o importe das actuacións de acordo coas porcentaxes establecidas na base 3.3.
En ningún caso, a Deputación aboará a porcentaxe que lle corresponda aboar ás entidades ou aos concellos adxudicatarios.
- d. A Deputación aboaralle ao grupo a súa porcentaxe, sempre que se acredite a realización da función, aínda no caso de que houbese algún incumprimento de carácter formal pola entidade solicitante.

5. DOCUMENTACIÓN

5.1. Grupos e intérpretes

Para participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude por métodos telemáticos, na sede electrónica da Deputación.

Grupos non profesionais:

- a. Tarxeta do NIF da entidade (agás grupos de titularidade municipal)
- b. Tarxeta do NIF do/a representante (agás grupos de titularidade municipal)
- c. Certificación dos datos bancarios, segundo modelo oficial da Deputación (agás grupos de titularidade municipal)
- d. Nomeamento do/a representante para as súas relacións coa Deputación (os grupos de titularidade municipal, soamente resolución ou acordo de solicitude do Concello)
- e. Estatutos da entidade titular do grupo
- f. Declaración do/a representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración e de aceptación das bases da convocatoria
- g. Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- h. Documentación técnica da actuación (ficha técnica das obras, condicións mínimas para as actuacións etc.)
- i. Caché da actuación, de acordo cos importe sinalados na base 3.2. No caché considéranse incluídos todos os gastos e impostos
- k. Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o grupo ou intérprete está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das actuacións.

A documentación sinalada nos apartados a, b, c, e non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación nela

Compañías profesionais:

- a. Tarxeta do NIF
- b. Tarxeta do NIF do/a representante
- c. Escrituras da entidade
- d. Designación do/a representante

- e. Declaración do/a representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración e de aceptación das bases da convocatoria
- f. Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- g. Documentación técnica da función (ficha técnica, condicións mínimas para as funcións etc.)
- h. Importe da función cos impostos e gastos incluídos

A documentación sinalada nos apartados a, b, c non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación nela

Empresas cine

- a. Tarxeta do NIF
- b. Tarxeta do NIF do/a representante
- c. Escrituras
- d. Designación do/a representante
- e. Declaración do/a representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración e de aceptación das bases da convocatoria.
- f. Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- g. Documentación técnica da función (ficha técnica, condicións mínimas para as funcións etc.).
- h. Importe da función cos impostos e gastos incluídos
- i. Declaración de ter as autorizacións legais necesarias para a exhibición das películas
- k. Unha relación de películas agrupadas por xéneros, cun máximo de 25 títulos por xénero, que deben ter a data de autorización do ICAA (*Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales*) **anterior ao 1 de xaneiro de 2015.**

A documentación sinalada nos apartados a, b, c non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación nela.

5.2. Concellos e entidades solicitantes

- a. Tarxeta do CIF (agás concellos)
- b. Póliza de seguro que cubra os riscos de accidente, así como os de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización das funcións (agás concellos)
Esta póliza deberá presentarse no momento da sinatura dos convenios. A non presentación da póliza terá como efecto a anulación da concesión e, polo tanto, o convenio non poderá ser asinado
- c. Compromiso de facerlle fronte ás obrigas económicas derivadas destes programas
- d. Declaración do/a representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración e de aceptación das bases da convocatoria
- e. No caso dos concellos: declaración de estaren ao corrente das obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social.
- f. No caso dos concellos: autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigacións e ordenar os pagamentos das funcións.
- g. No caso dos concellos: a Deputación poderá solicitar informe sobre o número de persoas asistentes ás funcións incluídas na Rede Cultural 2015.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4 deberá ser emendado no prazo de dez días naturais desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que o/a interesado/a desiste na súa petición.

6. LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse telematicamente, a través da páxina web da Deputación da Coruña.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

6.1. Grupos, intérpretes e empresas

Os grupos, intérpretes e empresas que desexaren participar nesta convocatoria, deberán presentar a súa oferta no prazo seguinte:

Inicio do prazo de presentación de solicitudes	00:00 horas do día seguinte o da súa publicación no BOP
Fin do prazo de presentación de solicitudes	14:00 horas do día 12 de febreiro de 2016

6.2. Concellos e entidades solicitantes das funcións

A información destes espectáculos ofertados, cos programas e condicións técnicas requiridas de cada función publicaranse na páxina web da Deputación.

Os concellos e entidades da provincia deberán presentar as solicitudes das funcións telematicamente, na sede electrónica da Deputación, no prazo sinalado mediante anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia*. Este prazo non será inferior a **vinde días naturais**.

7. RESOLUCIÓN DOS PROGRAMAS

A resolución dos programas ten tres fases:

7.1. Primeira fase: inclusión de espectáculos

Ao remate o prazo de inscrición dos espectáculos nos distintos programas desta convocatoria, a súa inclusión realízase mediante resolución da Presidencia, logo do informe de intervención.

7.2. Segunda fase: adxudicación das funcións

A adxudicación das funcións realízase mediante resolución da Presidencia, para o que se requirirá informe da comisión técnica e proposta da mesa de contratación, agás naqueles contratos que teñan o carácter de contratos menores.

Os criterios para a adxudicación serán os seguintes:

- * Interese do/a solicitante en contar coa actuación: ata 50 puntos. Terase en conta para isto a prioridade sinalada na petición, de acordo coa seguinte ponderación:

1ª prioridade: entre 16 e 20 puntos

2ª prioridade: entre 11 e 12 puntos

3ª prioridade: entre 6 e 8 puntos

4ª prioridade: entre 4 e 5 puntos

5ª prioridade: entre 2 e 3 puntos

A partir da 6ª prioridade ou sen prioridade: ata 2 puntos

- * Distribución das funcións entre os grupos e intérpretes: ata 20 puntos.

Despois da puntuación das solicitudes, de acordo co criterio anterior, e coa finalidade de proceder a unha distribución equilibrada das funcións entre as agrupacións artísticas, distribuiranse os 20 puntos de forma inversamente proporcional ao número de funcións adxudicadas a cada agrupación.

- * Utilización da lingua galega (no desenvolvemento das funcións, na publicidade e promoción do espectáculo, ...): ata 15 puntos.
- * Fomento dos valores da igualdade de xénero: ata 10 puntos para entidades / ata 15 puntos para concellos.
- * Distribución xeográfica: ata 5 puntos, aplicable só ás solicitudes de entidades.

Terase en conta a distancia entre os concellos do solicitante e do grupo, a efectos de favorecer unha distribución equilibrada en todo o territorio da provincia. A distribución dos 5 puntos realízase de forma inversamente proporcional á distancia entre concellos e procurarase evitar a concesión de actuacións en concellos limítrofes ao concello do grupo.

Excluíranse aqueles concellos ou entidades que non cumprisen as obrigas derivadas da súa inclusión na Rede Cultural 2015.

A falta de resolución expresa das solicitudes pola Deputación producirá efectos desestimatorios transcorridos nove meses contados dende a entrada en vigor do orzamento da Deputación para 2016.

7.3. Terceira fase: sinatura dos convenios

Unha vez realizada pola Deputación a adxudicación das funcións, procederase á sinatura dos correspondentes convenios.

No caso das funcións adxudicadas aos concellos, os convenios asinaranse entre a Deputación e os concellos e neles incluírase a totalidade das adxudicacións.

No caso das adxudicacións das entidades, os convenios asinaranse entre a Deputación, os grupos participantes e as entidades solicitantes, para o que se someterán todas partes ao contido das cláusulas que, como mínimo, deberán especificar:

- a. Que o grupo e a entidade solicitante se compromete a realizar a función incluída no convenio
- b. O importe que lle aboará ao grupo o solicitante da actuación e a Deputación, así como o prazo máximo no que se deberá realizar o pagamento
- c. O lugar onde terá lugar a función
- d. As causas de resolución do convenio
- e. As penalidades administrativas por incumprimento do convenio

De conformidade co disposto no art. 95 R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, en función da natureza da actividade e da forma de pagamento, as entidades participantes quedan dispensadas da constitución de garantía definitiva.

Serán causas de resolución do convenio o incumprimento de calquera das bases da convocatoria e a non realización das funcións sen causa xustificada.

8. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

8.1. Concellos

- a. Os concellos aboaranlle a totalidade do importe da función a cada un dos grupos que lle fose concedido.
- b. A Deputación aboaralle aos concellos o importe da porcentaxe (base 4.3) de cada unha das funcións, que poderán ser xustificadas de xeito individualizado.
- c. Para o cobramento de cada unha das funcións, os concellos deberán achegar a seguinte documentación:
 - * Copia do contrato subscrito entre o Concello e o grupo ou empresa e, se for o caso, copia compulsada da correspondente resolución da Alcaldía, en virtude do disposto nos artigos 111 e 138.3 do R.D.L. 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público
 - * Acreditación da realización da función concedida: certificación ou informe
 - * Acreditación de estar ao corrente nas obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social. As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola Deputación en virtude da autorización dada polo Concello
- d. Logo de que a Deputación aboe a función, o Concello remitiralle á Deputación, no prazo de dous meses, certificado de ter realizado o pagamento e, no caso de non facelo, iniciárase o correspondente expediente de reintegro pola cantidade aboada indebidamente.

8.2. Entidades

- a. A Deputación aboaralles directamente aos grupos o importe da porcentaxe correspondente
- b. Para o cobramento de cada unha das funcións, os grupos deberán presentar a seguinte documentación:
 - * Factura por importe da porcentaxe correspondente á Deputación
 - * Xustificante bancario do ingreso do importe que lle corresponde á entidade solicitante
 - * Acreditación da realización das funcións concedidas: certificación, declaración ou informe que deberá ser expedido pola entidade solicitante, ou certificación do concello onde se realizou
 - * Acreditación de estar ao corrente nas obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social. As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola Deputación en virtude da autorización dada polo grupo ou intérprete.

8.3. Anulacións

No caso de anulación de funcións por parte da entidade ou Concello solicitante por causas de forza maior, definidas no artigo 231 do R.D.L. 3/2011, do 14 de novembro, do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o/a intérprete terá dereito a percibir unha indemnización co límite máximo do 50 % do importe da función, que lle será aboada pola Deputación e polo Concello ou entidade solicitante, de acordo coas porcentaxes de pagamento fixadas na base 3.3. No suposto de cancelación unilateral inxustificada, a indemnización ascenderá á totalidade do importe da función e pagarana o Concello ou a entidade solicitante.

No caso de anular unha función o/a intérprete, compañía ou empresa, o Concello terá dereito a ser indemnizado polos danos ocasionados (gastos de contratación de persoal, publicidade etc.) cun límite máximo equivalente ao importe indicado para as especificacións técnicas do espectáculo, ademais de non poder participar na próxima convocatoria, agás nos supostos de forza maior indicados do citado artigo 231.

Para cuantificar a indemnización presentaranse xustificantes cos gastos ocasionados pola anulación.

8.4. O prazo de presentación dos documentos xustificativos da realización das actuacións rematará, para os Concellos e entidades, o **15 de febreiro de 2017**.

9. INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN

Consideraranse incumprimento das bases da convocatoria as accións e omisións que se indican deseguido, que darán lugar á imposición das sancións que se indican:

9.1. Incumprimentos leves

a. A presentación da documentación xustificativa despois do prazo establecido na base sétima, que dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- Se a documentación se presentar entre o 16 de febreiro e o 15 de marzo de 2017, multa por importe equivalente ao 5 % do importe da achega da Deputación nas funcións xustificadas fóra de prazo.
- Se a documentación se presentar entre o 16 de marzo e o 15 de abril de 2017, multa por importe equivalente ao 10 % do importe da achega da Deputación nas funcións xustificadas fóra de prazo.
- Se a documentación se presentar entre o 16 de abril e o 15 de maio de 2017, multa por importe equivalente ao 15 % do importe da achega da Deputación nas funcións xustificadas fóra de prazo.
- Se a documentación se presentar entre o 16 de maio e o 30 de setembro de 2017, multa por importe equivalente ao 30 % do importe da achega da Deputación nas funcións xustificadas fóra de prazo.

Despois desta data non se fará ningún pagamento.

b. A asistencia dos grupos e intérpretes á actuación con menos membros dos certificados na solicitude, sen causa xustificada, que dará lugar á imposición dunha multa por importe equivalente ao 5 % da cantidade que debe aboar a Deputación.

9.2. Incumprimentos graves

a. A falta da sinatura do convenio polos concellos e entidades solicitantes das funcións, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria. Ademais, deberán aboar o importe total da actuación e excluír a Deputación de calquera responsabilidade.

b. A falta de presentación da documentación acreditativa da realización da funcións polas entidades solicitantes das actuacións, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria.

c. A falta de pagamento da porcentaxe do caché que lles corresponde por parte dos concellos e entidades solicitantes das funcións, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria.

d. Calquera modificación do caché indicado na solicitude de participación, sen xustificar, dará lugar á exclusión da participación na próxima convocatoria.

A Coruña, 20 de xaneiro de 2016

O PRESIDENTE

Valentín González Formoso

A SECRETARIA ACCTAL.

María Amparo C. Taboada Gil

2016/342